

ECOAR)))
ECOARGLOBAL.ORG

Espazo de (Contra)discurso/ Construción e Coordinación de Alternativas e Resposta Social

DOSSIER PRENSA

ÍNDICE

QUE É ECOAR)))? _____	2.
QUEN CONFORMAMOS ECOAR)))? _____	3.
COMO SE CONTRUÍU ECOAR)))? _____	4.
CALES SON OS NOSOS VALORES? _____	6.
QUE CAMPAÑAS FAI ECOAR)))? _____	8.
COMO NOS FINANCIAMOS? _____	9.
CONTACTO	10.
MANIFESTO	11.

QUE É ECOAR)))?

ECOAR))) é un acrónimo que se forma a partir de *Espazo de (Contra)discurso, Construción, e Coordinación de Alternativas e Resposta Social*.


ECOAR))) é unha **ferramenta** de carácter independente que se apoia na acción directa, a presión pública, a sensibilización e a solidariedade, para construír un sistema global baseado na xustiza, a ética e a dignidade, a partir dos seguintes puntos básicos:

- ANTICAPITALISMO
- ANTIGLOBALIZACIÓN
- CONSUMO RESPONSÁBEL
- DEFENSA DO PÚBLICO
- DEFENSA DOS DEREITOS HUMANOS
- ECOLOXISMO
- ESTADO SOCIAL E LAICO
- HORIZONTALIZACIÓN DA SOCIEDADE
- INTERCULTURALISMO
- NON VIOLENCIA

ECOAR))), ademais, é un **espazo** de natureza global conformado por persoas que se coordinan, constrúen e actúan, **dende o local ao internacional**:


- para **facer fronte ás inxustizas e aos problemas globais** relacionados cos dereitos humanos e o medioambiente.
- para **activar á cidadanía** actuando de xeito efectivo e eficiente a partir da **análise**, a **planificación** e a **estratexia**.

ética dignidade transparencia sumamos flexibilidade cualitativo
independencia coherencia compromiso



QUEN **C**ONFORMAMOS **E**COAR)))?

ECOAR))) é unha estrutura profesional non remunerada composta por persoas de diferente perfil e percorrido vital (ONG, antiglobalización, ecoloxistas, animalistas,...), que se caracterizan por un alto nivel de **especialización** nas áreas concretas nas que traballan. As persoas que conforman **E**COAR))) comparten en común entre si, ademais dos principios, valores e xeito de actuación, unha concepción de acción a través do **traballo en rede** e a abordaxe das problemáticas que se tratan **dende o local ao global**.



COMO SE CONSTRUÍU ECOAR)))?

2001-2011: INICIO DUN CONCEPTO

Análises e reflexións informais sobre como afrontar as diversas problemáticas que se dan no mundo (causas, consecuencias e necesidades).

Aparece a **idea de xerar unha estrutura** para mellorar a eficiencia e eficacia das organizacións e activistas.



2011 - 2012: CREACIÓN DUNHA REDE LOCAL DINÁMICA

No contexto da primavera de 2011 percíbese unha sociedade global con vontade de organización pero con falla de ferramentas e iniciativas de canalización eficiente e eficaz.

19/11/11: Inicio da **construción dunha ferramenta social**, onde aglutinar e

coordinar fronte ás políticas de recortes sociais en **Vigo e comarca**.

17/03/12: A **Plataforma Vigo** inicia a súa andaina.



2012 - 2013: UN ESPAZO-FERRAMENTA LOCAL CON VOCACIÓN GLOBAL

A rápida incorporación de organizacións e activistas á *Plataforma Vigo* leva a apostar por xerar unha nova **estrutura máis complexa que conecte Vigo con outras localidades e impulsos** doutras zonas do planeta.



21/03/13: Nace **ECOAR)))**, *Espazo de (Contra)discurso, Construcción, e Coordinación de Alternativas e Resposta Social.*

2013 - 2014: UNHA ESTRUTURA ALTAMENTE ESPECIALIZADA E GLOBAL

O aumento da carga de traballo así como a complexidade das tarefas levan a transformar ECOAR))) nunha **estrutura profesional non remunerada de carácter global** que deixa de ter o seu epicentro en Vigo e Galiza. ECOAR))) pasa a ser así nunha estrutura que conta con accións, activistas e grupos de e en calquera parte do planeta.



2015 - Hoxe: CONSTRUCCIÓN DA ESTRUTURA BÁSICA DE ECOAR))) GLOBAL

Dende o 1 de xaneiro de 2015 iníciase unha etapa na que se pretende dotar a ECOAR))) da estrutura necesaria para afrontar a nova situación. Empézase a **accionar en diferentes partes do planeta**, deséñanse e constrúense **ferramentas e dinámicas complexas**, así como comezan a integrarse **activistas de diferentes recunchos do mundo**.



CALES SON OS NOSOS VALORES?

ÉTICA. Non nos axustamos aos patróns legais ou culturais establecidos, a nosa actuación sempre se rexe pola integridade e o respecto aos nosos principios, valores, métodos e conviccións en cada acción, situación e circunstancia.

DIGNIDADE. Entendemos que cada ollada ten unha voz e un espazo que ocupar, e que a súa acción debe ter un carácter proactivo.

XUSTIZA. Non podemos falar de xustiza sen acadar un reparto e un acceso equitativo a recursos, ferramentas e información, ao tempo que se promoven, exercen e respectan tanto as liberdades e dereitos de todxs como ao propio planeta.

ACCIÓN. Empregamos a acción directa non violenta para visibilizar, sensibilizar, denunciar e enfrontar os problemas globais, así como tamén para que as persoas e sociedades se empoderen, activen e mobilicen na defensa dos dereitos e o medioambiente.

COHERENTE. Construimos a nosa actuación e posicionamentos en todos os ámbitos, de xeito lóxico e consecuente, axustándonos aos nosos valores, principios, métodos e conviccións.

CUALITATIVX. A nosa actuación parte sempre dunha análise fonda, apoiada en criterios técnicos, para desenvolver unha estratexia e unha planificación, e así poder atopar xeitos de responder aos problemas e situacións así como solucións aos mesmos.

INDEPENDENTE. A nosa independencia é económica (pois non aceptamos cartos de gobernos, nin de empresas, nin de ningunha persoa física ou xurídica que non respecte os nosos principios), legal (pois non existimos administrativamente) e de acción (pois declarámonos asindicalistas, apartidistas e aconfesionais).

OBXECTIVX. Unha visión aséptica, científico-técnica e independente, permítenos acadar información imparcial, e polo tanto, poder abordar cada situación de xeito ecuánime, independentemente de onde, cando, como ou de quen veña.

RISILIENTE. Buscamos establecer unha estrutura capaz de absorber as perturbacións sen alterar significativamente as súas características e a súa funcionalidade, a través da previsión de riscos e da sinerxia con outras organizacións e persoas.

SUMATIVX. Buscamos conservar e potenciar a heteroxeneidade, así como concibir cada solución como un feito plural no que cada parte achega a súa ollada particular e axeita cada aspecto á súa realidade, así como permite que as accións, iniciativas e campañas poidan estruturarse globalmente ao tempo que inciden, inflúen e actúan de maneira local.

TRANSPARENTE. Entendemos que para xerar unha sociedade global horizontal é clave que todos os elementos que a conforman teñan mecanismos claros de rendición de contas así como de control e acceso á información e ás diferentes ferramentas equitativamente.



QUE **C**AMPAÑAS FAI **E**COAR)))?

ANTICAPITALISMO

STOP TTIP (e outros TLC)

Campaña contra os Acordos de Libre Comercio (TTIP, CETA, TISA...).

POBOS UNIDOS CONTRA A TROIKA

Mobilización europea contra as políticas de austeridades impostas pola Troika.



ECOLOXISMO

COP21

Campaña de presión para acadar en París un novo acordo baseado na xustiza climática.

CLIMATE GAMES

Rede de mobilización que pretende reunir a acción-aventura coa procura dun cambio real en favor da xustiza climática e dos habitantes da Terra.



ENDE GELÄNDE

Campaña que pretende denunciar o uso de combustibles fósiles a través de accións de desobediencia civil (bloqueo de maquinaria, invasión de espazos,...).


DEREITOS HUMANOS

REFUXIADXS [BENVIDXS REFUXIADXS,...]

Campañas centradas na denuncia da situación das persoas refuxiadas e desprazadas, así como como na defensa dos seus dereitos.

REPRESIÓN [NO SOMOS DELITO,...]

Plataformas e campañas contra a reforma do Código Penal e outras modificacións legislativas que limitan ás persoas no exercicio dos seus dereitos.




COMO NOS FINANCIAMOS?

ECOAR))) é unha organización que se financia a partir de **contribucións individuais** e **non acepta** en ningún caso:

- **Financiamento de gobernos e entidades privadas transnacionais** de ningún tipo.
- **Cartos** de ningún tipo de entidade, colectivo ou persoa que **non respecten os puntos ideolóxicos, valores ou os principios metodolóxicos** de **ECOAR)))**.

O financiamento de **ECOAR)))** conséguese principalmente a través da actividade da **Pepa Loba**. A Pepa Loba é unha **ferramenta de financiamento de carácter independente** que ten unha triple finalidade:

- Xerar un espazo que facilite un financiamento continuo a través de **socixs (Pepa Loba)**.
- Servir como ferramenta de **crowdfunding (Pepa Loba)**.
- Servir como **caixa de resistencia e solidariedade (Burla Negra)**.



CONTACTO

<p>Correo: comunicacion@ecoarglobal.org</p>	<p>Podes seguirnos en:</p> <p>https://www.facebook.com/ECOAR-Global-538524532954456/</p> <p>https://www.youtube.com/channel/UCpxyb5OvGV8p7gHVqW0cjow</p> <p>@ecoarglobal</p>
--	--

MANIFESTO

Os gobernos reveláronse como instrumentos do que chaman “os mercados”, que en realidade son grandes empresas transnacionais e financeiras con nome e apelidos.

Denunciamos e rexeitamos o engano que fan sobre a cidadanía, presentando como única saída posible da crise os recortes sociais, a través da perda de dereitos e liberdades. Persoas e colectivos ao longo de todo o mundo demostran que hai alternativas para saír da crise e que outros camiños son posibles e necesarios.

As mobilizacións que se estenderon por todo o planeta a partires da primavera do 2011, foron un revulsivo social ante a situación imposta; un movemento esperanzador que non debemos esquecer nin deixar desaparecer.

Subliñamos, non só as ameazas sobre as nosas economías, senón sobre a “democracia” mesma: menos do 1% decide sobre o presente e futuro do outro 99%.

Como espazo cidadá, os nosos obxectivos fundamentais son, diagnosticar a realidade dende a pluralidade, definindo e propoñendo alternativas; mobilizar e impulsar accións e iniciativas concretas que loiten polos dereitos humanos, a dignidade das persoas, o consumo responsable, o ecoloxismo, o interculturalismo, a igualdade de xénero,... Camiñando cara un sistema social xusto.

Chamamos a converxer a persoas e organizacións para poñer en marcha unha resposta unitaria e solidaria á crise capitalista.

DEMOCRACIA FRONTE “OS MERCADOS”

MOBILIZAR + CONVERXER + CONSTRUÍR

PENSA – ACTÚA – ORGANÍZATE

